



5.- PANORAMA SOCIAL



Este capítulo dedicado ó estudio do panorama social está composto por cinco grandes áreas: a análise da vivenda, a educación, a saúde, a asistencia social e as prestacións económicas.

En canto ós datos sobre a dotación de vivendas no seo da área funcional, a información máis recente dispoñible ó respecto é o “Censo de edificación e vivenda” elaborado no ano 1991 que ten unha periodicidade de dez anos. Aínda así, considerouse relevante a súa inclusión neste informe a pesar da lonxanía temporal posto que proporciona información básica para o coñecemento do stock de vivendas e edificación a principios da década.

Por outra banda, a información no eido educativo foi facilitada pola Consellería de Educación e pola Universidade de Santiago

de Compostela, xa que esta conta cun campus na cidade de Lugo.

A análise da saúde parte da información recollida na Memoria 1999 do Servizo Galego de Saúde e comenta a ordenación sanitaria territorial e a situación dos recursos humanos e materiais, así como o número de camas e quirófanos e as prestacións asistenciais e farmacéuticas na área funcional considerada e a súa comparación coa situación existente na provincia e no total de Galicia.

En cuarto lugar, o estudio dos servizos sociais considera tanto o ámbito das prestacións e inserción social –analizando a renda de inserción social de Galicia e as axudas de emerxencia social, xunto á iniciativa comunitaria Emprego e recursos humanos “Íntegra”, que engloba ós proxectos *Achego*, *Guieiro* e *Life*– como a área das persoas maiores, onde se analiza a situación dos cen-

Cadro 5.1.

Vivendas familiares: distribución segundo o seu uso

	Principais	Secundarias	Baleiras	Outras	Total
Área funcional de Lugo	71.273	8.627	18.380	2.700	100.980
Os Ancares	4.863	817	1.149	176	7.005
A Fonsagrada	2.680	226	833	9	3.748
Lugo	33.611	3.629	8.614	2.229	48.083
Meira	2.360	363	515	1	3.239
Sarria	7.964	832	2.505	28	11.329
Terra Chá	15.598	1.827	3.545	144	21.114
A Ulloa	4.197	933	1.219	113	6.462
Provincia de Lugo	116.571	16.111	31.861	3.383	167.926
Galicia	788.619	126.839	191.914	26.555	1.133.927

Fonte: IGE, Censo de poboación e vivendas 1991

tros propios dependentes da consellería, o programa de centros de día, o programa de estancias temporais e á formación específica dirixida a determinados sectores da poboación e profesionais que traballen con eles.

Finalmente, este capítulo analiza as prestación económicas, considerando as pensións contributivas, as non contributivas, o Lismi, as pensións asistenciais e as prestacións por desemprego, xa que as axudas de emerxencia social e o Risga son comentados no apartado dedicado ós servizos sociais.

Vivenda

Amplamente vinculadas coas variables demográficas analizadas anteriormente sitúanse as variables relativas ó sector da vivenda e, en concreto, a dotación de vivendas nunha determinada zona. Esta indica aspectos do entorno socioeconómico e incluso pode apuntar pautas de comportamento da poboación.

Así, tomando como fonte de información os datos proporcionados polo Censo de Edificación e Vivendas elaborado no ano

1991, o **cadro 5.1.** recolle información sobre as vivendas na área funcional de Lugo. De xeito particular, e segundo os datos do citado censo, amósanse o valor total das mesmas nas distintas comarcas e tamén clasificadas distinguindo se son vivendas principais ou secundarias, se están valeiras ou ben se atopan enmarcardas dentro do apartado de outros. De xeito semellante ó que acontecía no cadro anterior, os datos veñen expresados en termos absolutos aínda que o interesante a efectos dunha maior profundización é obte-los datos relativos.

Neste caso o que se pode observar ó obte-las porcentaxes é que para as vivendas principais estes son moi parellos para as distintas comarcas, atopándose en torno ó 70%. Concretamente o maior número de vivendas principais en termos relativos atópase na Terra Chá, cun 73,6%, e o menor na Ulloa, cun 64,9%.

En canto ás vivendas secundarias, dato que pode ofrecer unha idea da capacidade económica comarcal, as diferencias son lixeiramente máis marcadas. Deste xeito, A Ulloa é a comarca que agora conta cunha



maior porcentaxe deste tipo de vivendas –o 14,4%–, namentres que o 6% de A Fonsagrada sitúaa como a comarca con menor número relativo de vivendas secundarias. Resulta significativo que a comarca de A Ulloa, que é a que menos vivendas principais ten, en termos relativos, sexa a que rexistra máis vivendas secundarias. Isto conduce á seguinte reflexión: a comarca ten poucas vivendas principais por habitante e unha parte importante de propietarios de vivendas principais noutras comarcas conta cunha segunda vivenda nesta comarca.

Educación

No eido educativo na área funcional de Lugo cómpre primeiramente a distinción entre educación non universitaria e universitaria. No primeiro caso, a reforma que a Loxse está a realizar fai que os datos cheguen a ser un tanto inmanexables, tratándose máis ben dun compendio de cifras e non dunha información que permita extraer un resumo axeitado da mesma. No caso da educación universitaria, o estudio remítese á información do campus que na cidade de Lugo ten a Universidade de Santiago de Compostela.

Centrándose primeiramente no **mapa escolar** da área funcional de Lugo, os **cadros 5.2., 5.3. e 5.3.** recollen respectivamente a situación a nivel comarcal para os tres elementos formativos do entramado educativo: o alumnado, os centros e os profesores. Analogamente, pero a un nivel municipal, nos anexos 18, 19 e 20 recóllense outros tres cadros a este respecto.

No **cadro 5.2.**, a primeira das columnas

recolle información sobre a poboación de 4 a 18 anos, isto é a poboación que é susceptible de estar nalgún dos distintos graos formativos. Sen embargo, a partir deste dato non se pode inferir información sobre a escolarización da área funcional, posto que a educación obrigatoria en España remata ós 16 anos.

Realizando un repaso rápido dos datos, na área funcional de Lugo atópase aproximadamente o 65% dos alumnos dos niveis formativos da provincia lucense. Así, cómpre destaca-la importancia dos alumnos de educación a distancia (Ingabá) e os de educación especial, que chegan ó 70% e ó 81%, respectivamente. Pola outra banda, os programas de garantía só acadan o 47% con respecto ó total provincial.

En canto ás distintas comarcas, obviamente, destacan dun xeito notable as cifras da comarca de Lugo, con porcentaxes entre o 50% e o 60% do total da área. Séguenlle as comarcas da Terra Chá e Sarria, namentres que A Fonsagrada e Meira son as que contan con menos alumnos nas súas escolas.

A análise do **cadro 5.3.**, referido ós centros educativos dentro da área funcional non presenta moitas diferencias cos datos de alumnado. Neste caso, a porcentaxe da área con respecto á provincia varía nunha maior proporción se ben este feito é normal debido a que agora aquí as cifras son moito máis reducidas. Entre os datos máis significativos, salienta que no seo da área funcional atópanse a totalidade dos centros exclusivos de educación primaria e de educación infantil, primaria e ESO da provincia.

No outro extremo, só o 40% dos cen-

Cadro 5.2.

Alumnado no curso 1997-98

	Poboación de 4 a 18 anos (1)			E.S.O.			BUP e COU		BUP e COU a distancia (INGABAD)		Bacharelato LOXSE		Formación Profesional		Ciclos Formativos		Programas de Garantía		Educación Especial	
	E. Infantil	E. Primaria	E.S.O.	BUP e COU	(INGABAD)	LOXSE	Profesional	Formativos	de Garantía	Especial										
Área Funcional Lugo	35.325	4.732	12.244	6.370	6.253	649	851	4.148	843	7	96									
Os Ancares	1.980	222	633	309	211	-	-	147	20	7	-									
A Fonsagrada	971	103	346	249	39	-	36	-	-	-	-									
Lugo	18.626	2.838	6.473	3.368	4.583	649	504	2.879	730	-	80									
Meira	933	125	339	161	200	-	-	15	-	-	-									
Sarria	3.877	462	1.408	636	561	-	-	519	-	-	-									
Terra Chá	7.270	795	2.507	1.166	659	-	-	571	67	-	16									
A Ulloa	1.668	187	538	481	-	-	161	17	26	-	-									
Provincia Lugo	56.402	7.199	19.053	10.308	9.661	925	1.342	6.635	1.430	15	119									
Área Funcional / Provincia	62,6%	65,7%	64,3%	61,8%	64,7%	70,2%	63,4%	62,5%	59,0%	46,7%	80,7%									

(1) Datos do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de maio de 1996
 Fonte: *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*, *Rede de Centros de Ensino Público de Galicia*.



Cadro 5.3.

Centros de ensino no curso 1997-98

	E. Infantil (exclus.)		E. Primaria (exclus.)		E. Infantil e ESO (exclus.)		E. Primaria e ESO (exclus.)		E. Infantil, E. Primaria e ESO (exclus.)		Bachs. (exclus.)		F. P. (exclus.)		ESO e (Bachs. e/ou FP)		E. Infantil-Primaria-ESO e (Bachs. e/ou FP)		Específicos de E. Especial (INGABAD)		BUP e COU a distancia			
Área Funcional Lugo	9	2	56	2	2	50	6	5	10	2	3	1	1	1	2	3	1							
Os Ancares	-	-	6	-	-	5	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
A Fonsagrada	-	1	5	-	-	1	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Lugo	7	-	14	2	2	21	4	2	3	2	2	1	2	2	2	2	1							
Meira	-	-	1	-	-	3	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Sarria	1	-	5	-	-	10	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Terra Chá	1	1	21	-	-	10	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
A Ulloa	-	-	4	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
Provincia Lugo	14	2	85	5	4	82	12	11	18	2	4	3	4	2	2	4	3							
Área Funcional / Provincia	64,3%	100,0%	65,9%	40,0%	50,0%	61,0%	50,0%	45,5%	55,6%	100,0%	75,0%	33,3%	33,3%	100,0%	100,0%	75,0%	33,3%							

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Rede de Centros de Ensino Público de Galicia.

Cadro 5.4.

Profesorado nos centros de ensino no curso 1997-98

	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E.S.O. (exclus.)	Bacharelatos (exclus.)	F.P. (exclus.)	Educación especial	E. Primaria e ESO (simult.)	ESO e post- obligatoria (simult.)	Outro (simult.)	Resto
Área Funcional Lugo	249	689	249	386	277	87	240	232	131	130
Os Ancares	14	55	12	3	18	7	25	0	31	10
A Fonsagrada	7	26	8	-	-	3	5	15	5	9
Lugo	139	314	124	304	171	42	103	163	22	71
Meira	8	19	8	7	2	3	17	1	13	3
Sarria	26	78	27	33	37	8	42	0	7	9
Terra Chá	43	148	50	36	42	21	48	18	49	22
A Ulloa	12	49	20	3	7	3	-	35	4	6
Provincia Lugo	390	1.076	403	630	507	135	401	362	199	242
Área Funcional / Provincia	63,8%	64,0%	61,8%	61,3%	54,6%	64,4%	59,9%	64,1%	65,8%	53,7%

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Rede de Centros de Ensino Público de Galicia.



Cadro 5.5.

Alumnos matriculados ⁽¹⁾ no Campus de Lugo nos curso 1998-99 e 1999-00: distribución segundo titulación e sexo

Titulación	1998-99		1999-00		Total	taxa 98-99/ 99-00 (%)
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes		
Lic. Ciencia e Tecnol. Alimentos	63	20	53	27	80	-3,6
Enx. Téc. Química Industrial	276	272	316	281	597	8,9
Lic. Química 2º ciclo	-	-	19	6	25	0,0
Lic. Veterinaria	806	573	793	552	1.345	-2,5
Lic. Filoloxía Hispánica	91	25	88	21	109	-6,0
Lic. Humanidades	265	124	256	116	372	-4,4
Lic. Admón. e Dir. Empresas	199	136	220	155	375	11,9
Enx. Agrónomo	98	177	122	190	312	13,5
Enx. Montes	139	258	153	276	429	8,1
Enx. Téc. Explot. Agropecuarias	245	336	253	351	604	4,0
Enx. Téc. Hortofruticultura e Xardiñería	258	235	267	224	491	-0,4
Enx. Téc. Industrias Agrarias e Alimentarias	351	233	374	227	601	2,9
Enx. Téc. Mecaniz. Agraria e Construc. Rurais	137	349	151	336	487	0,2
Enx. Téc. Explot. Forestais	564	890	552	892	1.444	-0,7
Mestre Educ. Primaria	171	71	242	66	239	-1,2
Mestre Educ. Infantil	206	36	201	37	238	-1,7
Mestre Ling. Estranxeira	144	35	179	47	187	4,5
Mestre Educ. Física	64	111	58	108	166	-5,1
Dip. Estudos Empresariais	912	687	861	610	1.471	-8,0
Dip. Enfermería	219	29	226	23	249	0,4
Dip. Relacións Laborais	614	294	598	298	896	-1,3
Total Campus de Lugo	5.822	4.891	5.874	4.843	10.717	0,0
Total Campus de Santiago	20.547	11.028	20.035	10.741	30.776	-2,5
Total Universidade	26.369	15.919	25.909	15.584	41.493	-1,9

(1) non se inclúen os alumnos estranxeiros en programas de intercambio e os alumnos en modalidade de matrícula extraordinaria
 Fonte: *Universidade de Santiago de Compostela*

tros exclusivos de ESO e os 45% dos centros exclusivos de FP da provincia lucense están nalgunha das sete comarcas da área funcional.

Finalmente, os datos de profesorado, recollidos no **cadro 5.4.**, veñen confirmalos dous cadros anteriores con porcentaxes de participación da área funcional na provincia en torno ó 60% e cun claro predominio da comarca de Lugo dentro do conxunto da área.

En canto ó ámbito **universitario**, o *campus* de Lugo configúrase como o segundo *campus* da Universidade de Santiago de Compostela, cunha cuarta parte do seu alumnado. No **cadro 5.5.** recóllense as cifras dos alumnos matriculados no curso 1999-2000 e 1998-99. Tres titulacións destacan pola súa relevancia en canto ó número de alumnos: a diplomatura en Empresariais, a enxeñería técnica en Mecanización Agraria e Construcións Rurais e a licenciatura en Veterinaria. Pola súa banda, as titulacións con menos alumnos matriculados son as correspondentes ós segundos ciclos.

Con respecto a súa división segundo o sexo, obsérvase un predominio en termos xerais das mulleres, aínda que a situación varía en función das carreiras. Así por exemplo, nas carreiras do ámbito das humanidades e das ciencias sociais o sexo feminino é o preponderante, namentres que nas carreiras técnicas esta situación se modifica.

O **cadro 5.5.** recolle a variación experimentada no número de alumnos matriculados nos dous últimos cursos académicos e amosa un mantemento no número de matri-

culacións. Pero este mantemento non é uniforme e a distribución das matriculacións é irregular, posto que hai un número importante de titulacións que diminuíron ó seu alumnado. O lixeiro aumento global contraponse co descenso experimentado no conxunto da Universidade de Santiago, que acadou un 1,9% (795 alumnos menos).

Entre os maiores incrementos destacan os casos da Enxeñería Agrónoma e da licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, con porcentaxes superiores ó 10%. Polo contrario, o descenso máis pronunciado en termos porcentuais e absolutos corresponde á diplomatura en Empresariais, cunha caída próxima ó 8%. De tódolos xeitos, e salvo casos particulares, a previsión é que a evolución para estes datos sexa similar á do resto das universidades, orientados cara a unha estabilización en primeira instancia e unha posterior diminución.

Saúde

Tal e como reflicte o **cadro 5.6.** a área de saúde (AS) de Lugo, pertencente á rexión centro, está composta por 4 zonas de saúde de atención integrada (ZSAI) e 11 zonas de saúde de atención primaria (ZSAP) e unidades básicas de atención primaria (UBAP). En termos relativos, esta área funcional acolle o 8,9% das ZSAI de Galicia e o 11,8% e 20,7% do total das ZSAP e UBAP galegas, respectivamente.

Comparado co total da provincia, a área considerada acolle 42 dos 67 concellos. A súa importancia relativa apréciase ó observar que Lugo acolle 4 ZSAI fronte ás 3 de



Cadro 5.6.

Ordenación sanitaria territorial de Galicia

	Zona de saúde de atención integrada	Zona de saúde de atención primaria	Unidade básica de atención primaria	Concellos	Superficie (en Km ²)
Lugo	4	11	11	42	6.755
Provincia de Lugo	8	21	13	67	9.857
Total Galicia	45	93	53	315	29.576
Área funcional/Provincia de Lugo	50,0%	52,4%	84,6%	62,7%	68,5%
Área funcional/Galicia	8,9%	11,8%	20,8%	13,3%	22,8%

Fonte: Servicio Galego de Saúde

Cadro 5.7.

Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida

	Total	Servicio de Pediatría	Servicio de Obstetricia
Área funcional (C.H. Xeral-Calde)	207.342	21.944	39.934
Total Galicia	2.524.032	296.766	559.640
Total provincia Lugo	331.293	34.359	63.624
Área funcional Lugo/Galicia	8,2%	7,4%	7,1%
Área funcional Lugo/Provincia de Lugo	15,8%	13,6%	13,7%

Fonte: Servicio Galego de Saúde

Cervo e 1 de Monforte; 11 ZSAP fronte ás 6 de Cervo e 4 de Monforte; ou 11 UBAP da área considerada fronte ás 2 de Monforte.

Respecto á ordenación territorial da atención primaria, en 1994 creouse a xerencia de atención primaria da provincia de Lugo. No que á ordenación territorial da atención especializada se refire, o **cadro 5.7.** reflicte as referencias poboacionais para hospitalización xeral dependente da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, amosando que a poboación total protexida polo complexo hospitalario Xeral-Calde, pertencente ó concello de Lugo, ascende a 207.342 persoas, e no caso dos servicios de Pediatría e Obstetricia, a 21.944 e 39.934 persoas, respectivamente.

En termos relativos, comparado co total da provincia, este complexo hospitalario atende ó 62,6% do total da poboación protexida polos 3 complexos hospitalarios da provincia de Lugo (xunto ó xa mencionado CH Xeral-Calde, o hospital comarcal da Costa e o H.C. de Monforte), e o 63,9% e 62,8% no caso dos servicios de Pediatría e Obstetricia, respectivamente. Comparado co total galego, o peso relativo do total da poboación protexida ascende a 8,2%, ó 7,4% no caso do servicio de Pediatría e ó 7,1% no de Obstetricia.

Atendendo ós **recursos humanos**, o número de efectivos que ocuparon praza nos hospitais pertencentes ó Sergas ascendeu en Galicia a 25.526 persoas no mes de decem-

Cadro 5.8. Prazas ocupadas nos hospitais do Sergas (1) : distribución segundo tipo de persoal

	Directivo	Funcionario	Laboral+MIR	Estatutario	Outro	Total
Galicia	132	2.258	1.873	21.219	44	25.526
Atención primaria Galicia	41	961	259	4.576	-	5.837
Atención especializada Galicia	91	1.297	1.614	16.643	44	19.689
Lugo	25	163	62	3.202	7	3.459
Atención primaria Lugo	7	156	31	710	-	904
Atención especializada Lugo	18	7	31	2.492	7	2.555
Atención especializada na área funcional de Lugo (C.H. Xeral-Calde)	10	7	31	1.742	4	1.794

(1) datos a decembro de 1999
 Fonte: *Servicio Galego de Saúde*

Cadro 5.9. Actividade asistencial en atención primaria

	Lugo	Galicia	Lugo/Galicia (%)
Recursos materiais			
Centros de saúde	37	224	16,5
Ambulatorios	1	10	10,0
Consultorios municipais	34	126	27,0
Consultorios parroquiais	15	143	10,5
Puntos de garda			
Municipal	22	50	44,0
Supramunicipal	5	14	35,7
Atención continuada	-	6	0,0
Puntos de atención continuada	9	59	15,3
Servicios normais de urxencia	4	19	21,1
Servicios especiais de urxencia	-	2	0,0
Unidades de apoio			
Unidades de Fisioterapia	8	46	17,4
Unidades de Saúde Bucodental	13	68	19,1
Unidades de Pediatría (1)	5	20	25,0

(1) nenos ata ós 14 anos atendidos por pediatras de apoio
 Fonte: *Servicio Galego de Saúde*

bro de 1999, das que 3.459 (o 13,6%) pertencían á provincia de Lugo. Atendendo á súa distribución entre atención primaria e atención especializada, o **cadro 5.8.** amosa que na provincia de Lugo, un total de 904 persoas están ocupadas en atención primaria (o 26,1%) e que 2.555 persoas traballan en atención especializada (o 73,9%).

Centrándonos na área funcional de Lugo e na atención especializada, o devandito cadro reflicte que o número de efectivos

que ocuparon praza no complexo hospitalario Xeral-Calde, dependente do Servicio Galego de Saúde, no mes de decembro de 1999 ascendeu a 1.794 persoas, o que representou o 70,2% do total de efectivos que ocuparon praza nos hospitais da provincia de Lugo e o 9,1% do total de efectivos no conxunto de Galicia.

No que ós **recursos materiais** se refire, o **cadro 5.9.** recolle as dependencias da actividade asistencial en atención primaria e



Cadro 5.10.

Camas e quirófanos nos hospitais xerais do Sergas 1999

	Camas		Quirófanos	
	Instaladas	Funcionantes	Funcionantes	De urxencias
Área funcional Lugo (C.H. Xeral-Calde)	720	719	11	2
Provincia de Lugo	983	980	21	4
Total	7.444	7.303	150	19
Área funcional/Provincia de Lugo	73,2%	73,4%	52,4%	50,0%
Área funcional/Galicia	9,7%	9,8%	7,3%	10,5%

Fonte: *Servicio Galego de Saúde*

unha serie de servizos asistenciais como os puntos de garda e as unidades de apoio que teñen como finalidade a colaboración na prestación do servizo asistencial.

A provincia de Lugo conta cun total de 37 dos 224 centros de saúde existentes na comunidade autónoma e un ambulatorio (10 en Galicia). Estes centros complétanse coa existencia de 34 consultorios municipais e 15 parroquiais, o que representa o 27% e o 10,5% do total dos consultorios galegos, respectivamente.

Xunto a estes recursos, a provincia de Lugo conta en 1999 coa existencia de 40 puntos de garda (dos que 22 son municipais) e con 26 unidades de apoio, das que 13 son unidades de saúde bucodental. Comparada co total galego, esta provincia acolle o 26,7% do total de puntos de garda e o 19,4% das unidades de apoio.

No caso da atención especializada prestada nos hospitais e centros de especialidades, o Sergas dispón na área funcional de Lugo de 3 hospitais (que forman o complexo hospitalario Xeral-Calde) e un centro de especialidades no devandito centro hospitalario. En termos relativos, esta área acolle á metade dos centros de especialidades da pro-

vincia e a tres dos 5 hospitais, en tanto que no que á súa importancia relativa no total galego se refire, a área de Lugo acolle o 9,7% dos hospitais (hai un total de 31 en Galicia) e o 4,5% dos centros de especialidades (un total de 22 en Galicia).

A distribución do número de **camas** e **quirófanos** nos diferentes hospitais dependentes do Sergas, está recollida no **cadro 5.10**. O número total de camas instaladas na área funcional de Lugo ascendeu en 1999 a 720 camas, das que 719 corresponden a camas funcionantes. Atendendo ó seu peso relativo no total provincial e no total galego, as camas instaladas e funcionantes da área funcional de Lugo representan, respectivamente, o 73,2% e o 73,4% do total das camas da provincia e o 9,7% e o 9,8% do total galego.

No que ó número de quirófanos se refire, na área funcional hai un total de 11 quirófanos funcionantes (2 de urxencias) dos 21 existentes na provincia (4 de urxencias). Comparado co total galego, o número de quirófanos funcionantes representa o 7,3% do total e os de urxencia o 10,5%. Estes recursos aumentarán nos vindeiros anos coa construción, na área analizada, do novo hospital de Lugo.

En canto á **prestación asistencial** da atención primaria na provincia de Lugo, en 1999 houbo un total de 3.746.776 consultas das que o 64% corresponderon ás consultas de medicina xeral (2.398.371 consultas), o 32,1% a consultas de enfermería (1.204.553) e o restante 3,9% (143.852 consultas) a consultas de pediatría. Xunto a estas consultas, no devandito ano houbo un total de 154.918 urxencias atendidas en atención primaria nos servicios normais de urxencias, servicios especiais de urxencias e puntos de atención continuada.

Comparado co total galego, o número de consultas atendidas na área de Lugo representou o 16,4%, ascendendo esta porcentaxe ó 18,2% no caso das consultas de enfermería e ó 16,9% no caso de medicina xeral e sendo do 7,2% no caso das consultas de pediatría. No que ás urxencias extrahospitalarias se refire, o seu peso relativo ascendeu ó 11,6% do total de Galicia.

No caso da atención especializada, no ano 1999 producíronse un total de 20.171 ingresos no C.H. Xeral-Calde (20.080 ingresos en 1998), cunha estadía media de 10,01 días (10,53 no ano anterior). Producíronse un total de 97,28 ingresos por cada mil habitantes cunha porcentaxe de ocupación do 78,94% (**cadro 5.11.**).

Respecto á actividade cirúrxica, producíronse un total de 10.340 intervencións (unha menos que no ano anterior), o que representa o 7,3% do total de intervencións galegas. Salienta o incremento, respecto ó ano anterior, do 15,53% das intervencións ambulatorias. Realizáronse 49,87 intervencións por cada 1.000 habitantes,

cunha estadía media preoperatoria de 2,81 días.

Polo que respecta á actividade obstétrica, o número de partos atendidos ascendeu, ó igual que no ano anterior, a 867, dos que 25,96% foron por cesárea.

En 1999 realizáronse un total de 360.855 consultas externas no complexo hospitalario Xeral-Calde e o número de urxencias atendidas foi de 72.206. Nese ano realizáronse un total de 348,25 urxencias por cada 1.000 habitantes e 197,82 urxencias ó día. Do total de urxencias atendidas ingresaron 16.541, o que representa o 22,9% das urxencias atendidas e o 82% dos ingresos totais.

O estudio da casuística, **cadro 5.12.**, permite analiza-la produtividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. Na área funcional analizada, no CH Xeral-Calde os trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior, os partos sen complicacións e a quimioterapia son os responsables do maior número de altas válidas, con 1.157, 767 e 646 altas, respectivamente. Os vinte primeiros GRD foron responsables do 34,7% das altas válidas, fronte ó 28,8% no caso galego.

Finalmente, hai que sinalar que a demora media (medida en días) descendeu no C.H. Xeral-Calde un 3% respecto ó ano anterior, acadando os 75,1 días, por encima dos 71,9 días experimentado no conxunto dos hospitais do Sergas.

No que ás **prestacións farmacéuticas** se refire, o **cadro 5.13.** amosa que o gasto



Cadro 5.11.

Actividade asistencial 1998-99: atención especializada

	Hospitals do Sergas (1)			Área funcional de Lugo (C.H. Xeral-Calde)		
	1998	1999	99/98	1998	1999	99/98
Estadías	2.029.071	2.053.433	1,2	211.499	201.889	-4,5
Ingresos	226.109	227.023	0,4	20.080	20.171	0,5
Traslados internos	33.907	32.838	-3,2	2.567	2.589	0,9
Ingresos por mil habitantes	89,58	89,94	0,4	96,84	97,28	0,5
Estadía media global	8,97	9,05	0,9	10,53	10,01	-4,9
Estadía media materno-infantil	5,28	5,23	-0,9	5,61	5,57	-0,7
% de ocupación	76,36	76,79	0,6	82,59	78,94	-4,4
Índice de rotación	31,99	31,88	-0,3	28,62	28,79	0,6
Intervencións totais	141.623	141.934	0,2	10.341	10.340	-0,0
Intervencións programadas	102.828	102.360	-0,5	7.715	7.713	-0,0
Intervencións urxentes	28.520	29.963	5,1	2.626	2.627	0,0
Intervencións ambulatorias	47.005	53.066	12,9	3.007	3.474	15,5
Intervencións por mil habitantes	56,11	56,23	0,2	49,87	49,87	0,0
% Intervencións ambulatorias	33,19	37,39	12,7	29,08	33,60	15,5
Índice de programación (%)	72,61	72,12	-0,7	74,61	74,59	-0,0
Estadía media preoperatoria	2,73	2,66	-2,6	2,66	2,81	5,6
% de asignación de quirófano	89,55	89,93	0,4	77,48	70,26	-9,3
% de utilización de quirófano	63,18	61,57	-2,5	58,31	53,39	-8,4
Rendemento de quirófano (%)	70,55	68,46	-3,0	75,27	75,99	1,0
Partos	12.315	12.180	-1,1	867	867	0,0
Cesáreas	3.477	3.701	6,4	357	304	-14,8
Taxa de cesáreas (%)	22,02	23,30	5,8	29,17	25,96	-11,0
Consultas totais	3.882.291	3.917.935	0,9	357.717	360.855	0,9
Primeiras consultas	1.229.949	1.261.333	2,6	96.644	102.564	6,1
Consultas sucesivas	2.652.342	2.656.602	0,2	261.073	258.291	-1,1
Consultas por mil habitantes	1.538,13	1.552,25	0,9	1.725,25	1.740,39	0,9
Consultas sucesivas/primeiras	2,16	2,11	-2,3	2,70	2,52	-6,7
Urxencias atendidas	864.238	904.537	4,7	67.249	72.206	7,4
Ingresos urxentes	153.022	161.236	5,4	16.267	16.541	1,7
Urxencias por mil habitantes	342,40	358,37	4,7	324,34	348,25	7,4
Presión de urxencias (%)	67,68	71,02	4,9	81,01	82,00	1,2
% de urxencias ingresadas	17,71	17,83	0,7	24,19	22,91	-5,3
Urxencias/día	2.367,78	2.478,18	4,7	184,24	197,82	7,4

(1) as intervencións totais inclúen Povisa, pero as programadas e urxentes non
Os denominadores pobacionais das frecuentacións obtivéronse da Tarxeta Sanitaria (outubro 1999)
Fonte: *Servicio Galego de Saúde*

Cadro 5.12.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas e no C.H. Xeral-Calde 1999

	Hospitais do Sergas			Área funcional de Lugo (C.H. Xeral-Calde)						
	Peso medio	Altas válidas	%	Estadía media	UPH	Peso medio	Altas válidas	%	Estadía media	UPH
Parto sen complicacións	0,48	9.513	4,19	3,45	4.606	0,48	767	3,81	3,05	371
Trastornos respiratorios excepto infeccións,	2,46	7.039	3,10	12,01	17.349	2,46	1.157	5,75	14,84	2.852
bronquite, asma con cc. maior	1,52	4.225	1,86	9,17	6.439	1,52	418	2,08	12,26	637
Insuficiencia cardíaca e choque	2,04	3.596	1,58	13,79	7.347	2,04	430	2,14	16,05	879
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	1,21	3.338	1,47	9,20	4.050	1,21	304	1,51	12,64	369
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	3,49	3.205	1,41	14,82	11.185	3,49	156	0,78	16,14	544
Reimplant. maior art. e membro extr. inferior sen infección	1,07	3.109	1,37	8,13	3.316	1,07	385	1,91	6,87	411
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	1,10	3.018	1,33	3,43	3.318	1,10	646	3,21	2,06	710
Quimioterapia	0,82	2.953	1,30	2,22	2.409	-	-	-	-	-
Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía	0,59	2.634	1,16	4,35	1.549	-	-	-	-	-
Parto con complicacións	0,90	2.618	1,15	9,05	2	0,90	248	1,23	8,40	222
Cesárea sen complicacións	0,43	2.479	1,09	3,34	1.077	0,43	234	1,16	3,33	102
Esofagite, gastroenterite e tr. dixest. miscel. idade <18 sen cc.	0,67	2.450	1,08	3,83	1.639	0,67	235	1,17	1,88	157
Procedementos hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc.	0,58	2.424	1,07	6,58	1.395	0,58	255	1,27	6,29	147
Esofagite, gastroenterite e tr.dixest.miscel.idade>17 sen cc.	0,81	2.275	1,00	4,53	1.832	0,81	410	2,04	7,80	369
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	0,90	2.227	0,98	7,43	2.004	0,90	410	2,04	7,80	369
Anxina de peito	0,47	2.181	0,96	2,53	1.034	0,47	146	0,73	2,39	69
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	0,61	2.140	0,94	2,45	1.296	0,61	173	0,86	2,04	105
Dilatación e legrado, conización exc.por neoplasia maligna	1,53	2.072	0,91	23,27	3.165	1,53	313	1,56	17,32	478
Psicose	-	-	-	-	-	1,43	189	0,94	13,56	270
Pneumonía, simple e pleurite idade>17 con cc. Accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais	-	-	-	-	-	0,93	180	0,90	11,26	167
Tr.circulatorios con IAM sen compl.cardiovasc.alta con vida	-	-	-	-	-	1,88	163	0,81	10,80	306
Insuficiencia cardíaca crónica e arritmia cardíaca con cc. Maior	-	-	-	-	-	3,54	159	0,79	12,35	563
Neonato peso ó nacer >2499 g., sen proc.cirur.imp.con diag. Nde neonato normal	0,24	1.941	0,85	3,80	463	-	-	-	-	-

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos
Fonte: *Servicio Galego de Saúde*



Cadro 5.13.

Gastos en receitas médicas 1998-99 (1)

	Lugo	Galicia	Lugo/Galicia (%)
Ano 1998			
Gasto extrahospitalario	11.360.978.865	69.203.423.466	16,4
Receitas facturadas	6.097.828	38.186.255	16,0
Gasto/receita	1.863	1.812	
Ano 1999			
Gasto extrahospitalario	12.843.270.090	77.574.776.784	16,6
Receitas facturadas	6.236.338	39.011.558	16,0
Gasto/receita	2.059	1.989	

(1) O gasto extrahospitalario e o cociente gasto/receita están expresados en pesetas.
Fonte: *Servicio Galego de Saúde*

farmacéutico extrahospitalario ascendeu na provincia de Lugo a 12.843,3 millóns de pesetas en 1999, un 13% máis que no ano anterior, sendo o seu peso relativo no gasto total galego do 16,6%. O número de receitas facturadas foi de 6.236.338 (un 2,2% máis que en 1998), polo que o cociente gasto/receita ascendeu a 2.059 pesetas, fronte ás 1.989 pesetas en Galicia.

Finalmente, no que á actividade concertada de hospitalización e consultas ó longo de 1999 se refire, na área funcional de Lugo esta realizouse en dous centros, ámbolos dous no concello de Lugo, sendo a súa facturación por toda a actividade de hospitalización e consultas concertadas de 566,5 millóns de pesetas, o que representa o 3,1% do total galego.

Servicios sociais

O **cadro 5.14.** reflicte a distribución do número de beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga) na área funcional considerada e a súa comparación co total provincial e galego. O número de beneficiarios da Risga na área funcional en 1998 ascendeu a 304 persoas fronte ás 263

persoas do ano anterior, o que representa un crecemento do 15,6%. Comparado coa evolución experimentada na provincia de Lugo e no total galego, o cadro reflicte que a provincia de Lugo creceu un 17,3% fronte ó 5,2% de Galicia.

Atendendo á distribución comarcal e municipal, o **cadro 5.14.** e o anexo 21 amosan que hai tres comarcas –A Fonsagrada, Sarria e A Ulloa– que ven reducido o número de beneficiarios (un beneficiario menos cada unha delas), ascendendo o número de concellos que reducen o número de beneficiarios a 8: A Fonsagrada, na comarca de Fonsagrada; Castroverde e O Corgo, na comarca de Lugo; Paradela, en Sarria; Castro de Rei e Muras, na Terra Chá; e Antas de Ulloa e Monterroso, na comarca de A Ulloa.

O número de beneficiarios de axudas de emerxencia social ascendeu en 1998 a 92, un 70,4% superior ó número de beneficiarios do ano anterior. Comparado co número de beneficiarios na provincia de Lugo, a área funcional acolle o 92,9% do total de beneficiarios, sendo o peso relativo no total galego do 8,2%.

Atendendo á distribución comarcal e

Cadro 5.14.

Beneficiarios da Risga e AES 1997-98

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	1997	1998	1997	1998
Área funcional de Lugo	263	304	54	92
Os Ancares	9	14	2	6
A Fonsagrada	6	5	1	3
Lugo	202	235	27	31
Meira	2	4	1	2
Sarria	4	3	6	33
Terra Chá	33	37	17	15
A Ulloa	7	6	-	2
Provincia de Lugo	364	427	89	99
Galicia	3.937	4.140	917	1.116

Fonte: Dirección Xeral de Servicios Sociais

municipal, o **cadro 5.14.** e o anexo 21 amosan que o número de beneficiarios descende na comarca de A Fonsagrada e que son sete os concellos que ven reducir o número de beneficiarios: Guntín, na comarca de Lugo; Pol, en Meira; O Incio e Láncara, en Sarria; e Castro de Rei, Vilalba e Xermade, na Terra Chá.

Xunto a estas axudas, están os proxectos *Achego* e *Guieiro*, englobados dentro da iniciativa comunitaria Emprego e recursos humanos “Íntegra”. Mentres o *Guieiro* ten como obxectivo o acceso e a incorporación dos grupos sociais máis desfavorecidos ós dispositivos de integración social e inserción laboral, o *Achego* centrouse nos procesos de adaptación ou readaptación social, económica e profesional dos emigrantes retornados, dos inmigrantes e de persoas ameazadas de procesos de exclusión.

Lugo foi un dos 5 concellos elixidos para a aplicación do proxecto *Achego* xunto a Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo. No concello de Lugo desenvolveuse un dos 8 cursos de formación básica, con 7 participantes (47

no total dos cursos) e 4 cursos de formación ocupacional dos 40 celebrados en Galicia, ós que asistiron un total de 33 persoas (232 en total).

No caso do proxecto *Guieiro*, o Concello de Lugo foi unha das entidades seleccionadas, acollendo 1 curso de formación básica (10 no total de Galicia) e 16 cursos de formación ocupacional (131 en total) acollendo respectivamente a 5 e 165 participantes (119 e 1.005, respectivamente, no conxunto de Galicia).

Ó longo do bienio 1998-99, a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais colaborou no desenvolvemento do “Proxecto LIFE”, promovido polos concellos de Vigo, Lugo e Ferrol e de aplicación nos barrios da Doblada, A Tinería e Lamas de Prado e Caranza, respectivamente. O seu obxectivo foi promover a inserción sociolaboral dos colectivos máis desfavorecidos destes barrios así como establecer dinámicas e mecanismos favorecedores dunha incorporación de persoas desempregadas ou en situación de exclusión social ós circuitos normalizados de emprego.



Cadro 5.15. *Alumnos e programas das aulas de terceira idade no curso 1998-99*

	Alumnos	Seminarios e talleres	Conferencias	Visitas e actuacións	Outras
Área Funcional de Lugo	176	443	4	12	15
Lugo	116	307	4	12	9
Vilalba	30	40	-	-	1
Monterroso	30	96	-	-	5
Provincia de Lugo	176	443	4	12	15
Galicia	236	579	4	12	21

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Sociais

O custo total do proxecto no concello de Lugo ascendeu a 16,27 millóns de pesetas, o que representa o 30,5% do total do custo do proxecto. Este custo foi financiado polo Fondo Social Europeo (12,16 millóns de pesetas, o 30,4% do total aportado polo FSE), a Dirección Xeral de Servizos Sociais (666.667 pesetas e o 33,3% do total aportado pola D.X.) e o Concello (3,445 millóns o 33,3% do total aportado polos Concellos).

No eido das **persoas maiores**, na área funcional de Lugo hai un total de 3 centros propios (e ningún concertado) que acollen un total de 442 prazas (260 prazas válidas e 182 asistidos). Comparado cos datos provinciais e galegos, a área funcional de Lugo acolle a metade dos centros propios das provincias e galegos, a área funcional de Lugo acolle a metade dos centros propios das provincias e o 13% dos centros propios galegos, así como o 64,2% do total das prazas da provincia e o 13,6% das prazas galegas.

Xunto a estes centros hai unha residencia en Lugo dentro do programa de centros de día en funcionamento nas dependencias das residencias da terceira idade da Consellería.

Para ofrecer unha alternativa de apoio temporal a persoas maiores con discapacida-

de, co obxectivo de posibilita-la súa permanencia no fogar colaborando, no seu caso, coas familias que os atenden, a área funcional de Lugo conta con unha das 5 residencias galegas onde está implantado o programa de estancias temporais (no municipio de Castro de Rei). O número de beneficiarios ascendeu a 15, o que representa o 8,1% do total de beneficiarios nas residencias galegas.

Respecto á formación ou accións educativas e culturais dirixidas á terceira idade, o número de alumnos que asistiron ós programas de aulas da terceira idade no curso 98-99 ascendeu a 176 (o 100% dos alumnos da provincia de Lugo), o que representa o 74,6% dos alumnos galegos. O **cadro 5.15.** reflicte os diferentes programas realizados na área funcional de Lugo, así como a súa comparación co total galego.

Prestacións económicas

O punto de partida do estudo das prestacións económicas son os **cadros 5.16.** e **5.17.**, nos que se recolle un resumo dos datos de beneficiarios e o importe medio dos

diferentes tipos de protección. O número de persoas que cobra algún tipo de prestación na provincia de Lugo –ben sexa contributiva ou asistencial– elevouse en 1999 a 130,4 miles de persoas (media anual) ás que habería que engadir o total de persoas que cobran as prestacións por desemprego, que ascenden a 6,7 miles de persoas (media mensual). En termos relativos, o peso destas prestacións no total galego foi do 17,9% e 10,9%, respectivamente.

Respecto ás **prestacións contributivas**, a 31 de decembro de 1999 había na provincia de Lugo un total de 124 miles de persoas cobrando algún tipo de pensión da Seguridade Social, cun importe medio de 56,8 miles de pesetas. O número de pensións permaneceu constante en relación ó ano anterior, aumentando o importe medio en 1,5 miles de pesetas (media mensual). Comparado co total galego, o peso relativo das pensións de Lugo pasa do 19% de 1998 ata o 18,8% de 1999 e o diferencial do importe das pensións aumenta das 5,1 miles de pesetas de 1998 ata as 5,4 miles de pesetas do seguinte ano.

Atendendo ós diferentes tipos de pensións, os devanditos **cadros 5.16. e 5.17.** reflicten o descenso do peso relativo dos diferentes tipos de pensións, aínda que, en valor absoluto, o número medio de pensións permanece constante en tódolos tipos agás no caso das pensións de incapacidade permanente, que descende dende os 11 ata os 10 miles de pensións (media anual) de 1999. En canto o seu importe medio, este ascendeu en tódolos tipos de pensións, salientando o crecemento das pensións de incapacidade permanente e das pensións de xubilación, que

medran en 2,9 miles de pesetas e 1,6 miles de pesetas, respectivamente.

Comparado co importe medio das pensións galegas, o diferencial entre a media das pensións contributivas da provincia de Lugo e as de Galicia agrándase en tódolos tipos de pensións agás no caso das pensións de orfandade e favor familiar, onde permanece constante (2,1 miles de pesetas). No caso das pensións de incapacidade permanente, este diferencial pasa dos 8,5 miles de pesetas de 1998 ata os 9,1 miles de 1999; dos 5,4 miles de pesetas ós 5,9 miles no caso das pensións de xubilación; e dos 7 ós 7,2 miles de pesetas no caso de viuvez.

No caso das **pensións non contributivas**, os **cadros 5.16. e 5.17.** amosan o crecemento do número de beneficiarios destas prestacións en Galicia (un 5,7% superior) manténdose constante no caso da provincia de Lugo. Comparado co total galego, o peso relativo destas prestacións descende dende o 10,4% de 1998 ata os 9,8% de 1999.

O importe medio das pensións descende en relación co ano anterior na provincia de Lugo, tal e como se reflicte no devandito cadro, pasando dos 42 miles de pesetas de 1998 ós 38 miles de 1999. No caso das pensións por invalidez e xubilación, o descenso é de 3 e 4 miles de pesetas, respectivamente, situándose nos 40 e 36 miles de pesetas en 1999.

No caso das prestacións do LISMI, en 1999 rexistrouse un forte descenso do número de beneficiarios na comunidade autónoma, baixando un 16,8% respecto a 1998. Na provincia de Lugo, o número de beneficiarios descende en 99 persoas (20,9%).



Cadro 5.16. Resumo das prestacións económicas 1998: beneficiarios e importe medio segundo tipo de cobertura

	Galicia		Lugo		Lugo/Galicia	
	número (en miles de pensións) (media anual)	importe medio (miles de pesetas) (media mensual)	número (en miles de pensións) (media anual)	importe medio (miles de pesetas) (media mensual)	número	importe medio (%)
Pensións contributivas	652,0	60,4	124	55,3	19,0	91,6
Incapacidade permanente	59,2	66,8	11	56,3	18,6	87,3
Xubilación	416,6	67,5	83	62,1	19,9	92,0
Viuvez	153,8	42,7	27	35,7	17,6	83,6
Orfandade e favor familiar	22,4	31,1	3	29,0	13,4	93,2
Pensións non contributivas	48,26	38	5	42	10,4	110,5
Invalidez	24,83	40	2	43	8,1	107,5
Xubilación	23,44	36	2	40	8,5	111,1
LISMI	9,18	16,62	0,47	20,78	5,2	125,0
Pensións asistenciais	6,67		1,10		16,4	
Prestacións por desemprego						
Contributivas	66,12 (media mensual)	48,04	7,58 (media mensual)		11,5	
Subsidios	28,64 37,49		3,18 4,40		11,1 11,7	
Risga	(beneficiarios a 31-12) 4,140		(beneficiarios a 31-12) 427		10,3	
Axudas de emerxencia social	1,148	(media anual)	99	(media anual)	8,6	

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e da Dirección Xeral de Servizos Sociais

Cadro 5.17. Resumo das prestacións económicas 1999: beneficiarios e importe medio segundo tipo de cobertura

	Galicia			Lugo			Lugo/Galicia		
	número (en miles de pensións) (media anual)	importe medio (miles de pesetas) (media mensual)	número (en miles de pensións) (media anual)	importe medio (miles de pesetas) (media mensual)	número (en miles de pensións) (media anual)	importe medio (miles de pesetas) (media mensual)	número	importe medio (%)	
Pensións contributivas									
Incapacidade permanente	660,0	62,2	124	56,8	18,8	91,3			
Xubilación	58,4	70,3	10	61,2	17,1	87,1			
Viuvez	420,8	69,6	83	63,7	19,7	91,5			
Orfandade e favor familiar	156,9	43,9	27	36,7	17,2	83,6			
	23,9	31,7	3	29,6	12,6	93,4			
Pensións non contributivas									
Invalidez	51,0	38	5	38	9,8	100,0			
Xubilación	26,2	40	3	40	11,5	100,0			
	24,8	37	3	36	12,1	97,3			
LISMI	7,64	16,26	0,37	21,95	4,8	135,0			
Pensións asistenciais	3,789		0,480		12,7				
Prestacións por desemprego									
Contributivas	(media mensual) 61,245		(media mensual) 6,749		11,0				
Subsidios	28,877	91,860	2,908	91,860	10,1				
	32,368	69,270	3,841	69,270	11,9				
	(beneficiarios a 31-12) 4,292		(beneficiarios a 31-12) 453		10,6				
Risga									
Axudas de emerxencia social	943		137		14,5				

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales e da Dirección Xeral de Servizos Sociais



Finalmente, en relación ós beneficiarios das pensións asistenciais na provincia de Lugo, os **cadros 5.16. e 5.17.** reflicten o descenso do número de pensións nun 56,4% respecto ó ano anterior (un 43,2% no caso galego).

No concernente ás **prestacións por desemprego**, hai que salienta-lo descenso das mesmas no ano 1999 respecto ó ano anterior. O descenso experimentado na provincia de Lugo foi de 10,9% para acada-las 6.749 prestacións, o 11% do total de Galicia (o número de prestacións ascendeu a 61.245).

Respecto ó tipo de prestación, cabe salientar que un 56,9% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel asistencial, correspondendo o 43,1% restante a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo.

Finalmente, ó contrario do acontecido no ano anterior, a taxa de cobertura bruta en 1999, isto é, a relación entre perceptores e o paro rexistrado, medrou ata situarse no 44,0% en Galicia (en 1998 foi do 42,2%) e no 46,8% na provincia de Lugo (o 46,3% no ano anterior).

Respecto á distribución dos ingresos e gastos da prestación de desemprego, estes últimos ascenderon a 7.415 millóns de pesetas na provincia de Lugo (un 9,7% menos que en 1998) o que representa o 9,4% do total dos gastos galegos. Os ingresos da recadación de cotas ascenderon a 8.337 (un 11,9% máis que en 1998) o que representou o 9,8% do total da recadación galega. ■

